

## Solidariedade coa loita do Metal de Cádiz



Esta mañá, cerca de 100 traballadores e traballadoras de Navantia-Ferrol, tanto da principal como das compañías, se concentraron na porta principal da factoría como mostra de solidariedade coa folga indefinida do Metal na provincia de Cádiz, que entrou hoxe no seu octavo día e segue con enorme forza. Tras realizar unha pequena asemblea cortando momentaneamente a porta, os concentrados gravaron un vídeo de apoio desde o sector naval de Ferrol ós traballador@s en loita de Cádiz, moitos deles compañeiros de Navantia.

### Nova concentración en Ferrol

Por outra banda, queremos informar publicamente que se está organizando outra **concentración de apoio ó metal de Cádiz** para este **XOVES 25 ás 8 DA TARDE** na **praza de Amada García** (edificio Xunta).

Trátase dunha convocatoria aberta a aquelas organizacións sindicais, sociais ou políticas de Ferrolterra que queiran participar. Os lemas serán:

- Solidariedade coa folga do Metal de Cádiz- Emprego digno e con dereitos- Unha soa clase, unha soa loita

As organizacións interesadas en participar poden comunicalo ó teléfono 623 044 900.

Sección Sindical Unitaria de **CGT** en Navantia-Ferrol